



## **ESPECIALIDADE DE CONXUNTO**

### **PROBAS DE ACCESO A CURSOS DE GRAO PROFESIONAL**

#### **Criterios de avaliación**

- Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo, e do equilibrio sonoro entre as partes.
- Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación.
- Ademais, pódense valorar o seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez na lectura e comprensión da obra.
- Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretar en público obras do repertorio para conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música

interpretada.

### **Contidos**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Agónica e dinámica.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación de obras do repertorio.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Valoración do sistema como marco da interpretación.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.

### **Listado de obras orientativas**

Debido á ampla variedade de agrupacións e posibles combinacións entre instrumentos, figuran na programación do curso para esta materia un listado de obras orientativas que o alumnado interesado poderá consultar.